

## **BASES DO CAMPUS-TEA 2018**

### **Artigo 1.- CONCEPTO.**

O Campus-Tea é unha oferta formativa, que tendo como fin principal a conciliación familiar coa laboral, fomenta a atención á infancia e xuventude, a xestión social do noso patrimonio e medioambiente e a dinamización cultural. Cunha programación que combina o xogo, as saídas didácticas, con actividades creativas, culturais e de coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables.

### **Artigo 2.- DESTINATARIOS.**

- Campus-Tea está dirixido aos nenos e nenas das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.
- Cada usuario pode solicitar varias quendas, que serán adxudicadas sempre que os demais solicitantes podan acceder polo menos a unha delas. Polo que se farán constar por orde de preferencia na solicitude.

### **Artigo 3.- LUGAR, DATAS, PRAZAS E CUSTE DO CAMPUS-TEA.**

O Campus-Tea 2018 terá lugar nas Instalacións do CEIP "Nosa Sra. dos Remedios" de Ponteareas, sito na rúa Azorín de Ponteareas.

#### **QUENDAS:**

XULLO: do 2 ao 15.- 120 prazas. 32 €/usuario/a.

Do 16 ao 31.- 110 prazas. 32 €/usuario/a.

AGOSTO: do 1 ao 16.- 50 prazas. 32 €/usuario/a.

Do 17 ao 31.- 50 prazas. 32 €/usuario/a.

Calquera das quendas deberá ter un número mínimo de 25 alumnos para realizarse.

### **Artigo 4.- PREINSCRIPCIÓN.**

O prazo de Preinscripción será do **14 ao 25 de maio de 2018**.

As bases e o impreso (Anexo I), de Preinscripción do Campus-Tea poderán obterse de luns a venres en horario de 9 a 14 h. na Oficina de Ensino, no andar baixo ou no Rexistro Xeral do Concello de Ponteareas ou ben directamente na páxina web do Concello.

#### **DOCUMENTACIÓN.**

- Impreso de preinscripción debidamente cumprimentado.

- Certificado de empadronamento para os que non estén censados no Concello de Ponteareas (Aos empadronados en Ponteareas, faráselle a comprobación de oficio), certificado de matrícula escolar ou documento que acredite o enderezo onde radica o lugar de traballo do pai ou nai do usuario/a, segundo corresponda.
- Certificado que acredite a actividade laboral dos proxenitores ou titores.
- Acreditación de familia monoparental, se procede
- Fotocopia da Declaración do IRPF do 2017. De non presentar declaración, teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables durante o ano correspondente ao exercicio fiscal 2017. Deberán neste caso presentar certificación dos ingresos percibidos de empresa, organismo correspondente ou pensión alimenticia mediante sentenza de separación/divorcio ou convenio regulador.

LUGAR DE PRESENTACIÓN.- Rexistro xeral do Concello de Ponteareas, en horario de 9 a 13 h.

#### **Artigo 5.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS.**

A efectos de información e posibles reclamacións publicarase a listaxe provisional de admitido/as nos taboleiros do Concello e na web do 4 ao 8 de xuño. Non se admitirán reclamacións fora deste prazo.

#### **Artigo 6.- PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS.**

Publicarase a listaxe definitiva o día 12 de xuño nos taboleiros do Concello e na páxina web.

#### **Artigo 7.- ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.**

No caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada quenda, estarán admitidas todas as solicitudes.

Se houbera un número maior de solicitudes para cada quenda, iranse cubrindo as prazas dándolle prioridade ás familias segundo os criterios establecidos a continuación nesta base ata cubrir o número total de prazas.

No caso de que na mesma quenda, o número de prazas sexa menor aos de rapaces que se atopen na mesma situación familiar, terase en conta a

renda per capita de cada solicitante, dando prioridade as rendas mais baixas.

Para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a Declaración do exercicio 2017 e a situación persoal e familiar a 31 de decembro dese ano. Non se terán en conta os fillos nados, adoptados ou acollidos despois desta data.

**Baremo de prioridade para as familias que se atopen nas seguintes circunstancias:**

1. Familias monoparentais empadroadas no Concello de Ponteareas.
2. Familias empadroados/as no Concello de Ponteareas cos dous pais, nais ou titores ocupados laboralmente.
3. Familias empadroados/as no Concello de Ponteareas con algún ou ningún dos pais, nais ou titores ocupados laboralmente.
4. Nenos/nenas que non estando empadroados/as no Concello de Ponteareas, están matriculados/as nun centro educativo de Ponteareas ou os seus pais, nais ou titores traballan no termo municipal. (Achegar documentación acreditativa da empresa ou centro educativo no momento da prescrición).
5. Nenos/nenas non empadroados/as en Ponteareas nin cos pais, nais ou titores traballando no municipio.

Unha vez que termine o prazo das solicitudes, estas clasificaranse en grupos segundo os criterios arriba establecidos.

Os irmáns inscritos na mesma actividade e que así o manifesten, participarían na mesma quenda.

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fora do prazo establecido ou por renuncia á praza obtida no sorteo, serán ofertadas aos solicitantes que figuran nas listaxes de non admitidos que serán avisados telefonicamente entre as 9 e 14 h, si a terceira chamada, que quedará rexistrada nunha listaxe, non hai resposta pasarase ao seguinte da lista.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofertada, deberase presentar a documentación requerida nun prazo máximo de 48 horas, de non facelo así, a praza será ofertada ao seguinte da listaxe de agarda.

### **Artigo 8.- DOCUMENTACIÓN.**

Unha vez comprobada a lista definitiva, as persoas que se figuren como admitidos, deberán entregar na Oficina de Ensino no andar baixo do Concello de Ponteareas, a seguinte documentación:

- Copia da Tarxeta Sanitaria.
- Foto tamaño carné.
- Impreso de abono do Prezo Público correspondente á quenda ou quendas adxudicadas.
- Este trámite será xestionado polo Departamento de Rendas. As quendas deberán ser aboadas de maneira anticipada antes do 25 de xuño.
- DNI do pai ou nai do usuario/a.
- Ficha datos de conciliación laboral e familiar e cumprimentación das follas de recollidas das sinaturas dos pais, nais ou titore/as legais a ese respecto.

### **Artigo 9.- RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DA COTA.**

No caso de que, por algún motivo xustificado, houberse que renunciar á praza, comunicaráselle por escrito á Concellería de Ensino.

Se unha vez obtida a praza e aboadado o prezo correspondente, o/a interesado/a non puidese asistir á actividade por causa de forza maior, só terá dereito á devolución da cota no caso de que comunique e xustifique a renuncia por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada antes das 48 horas do inicio da actividade.

### **Artigo 10.- EXENCIÓN DA DO PREZO DO CAMPUS-TEA 2018.**

Para cada quenda reservaranse 3 prazas para casos de Emerxencia Social derivados dos Servizos Sociais Municipais previo informe técnico.

### **Artigo 11.-**

A inscrición nestas actividades supón o compromiso de aceptación destas normas.

A Concelleira de Ensino,

M. Cristina Fdez. Davila.